

ORDENANZA 3.13 TAXA POLO TRASLADO DE CADÁVERES

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo 106 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e consonte ó disposto nos artigos 14 a 19 e 20.4 p) da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das facendas locais (modificada pola Lei 24/1998 de 13 de xullo), este Concello establece a taxa polo traslado de cadáveres, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da devandita Lei 39/1988.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización, previa autorización, do servizo de traslado de cadáveres ó cemiterio municipal ou a outras localidades.

Artigo 3º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas e xurídicas beneficiarias da prestación do servizo.

Artigo 4º. Cota tributaria

A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa segundo o destino do traslado:

Tarifa 1ª.- Cemiterios do Termo Municipal.

Por prestación do servizo.....138,40 €

Tarifa 2ª.- Cemiterios fóra do Termo Municipal.

Ademais da tarifa anterior cobrarase 0,42 € por km percorrido, e este importe quilométrico nunca será inferior a 39,75 €.

Artigo 5º. Normas de xestión

O Negociado de Servizos Básicos, Mercados e Transportes informará sobre a procedencia da concesión da autorización de traslado e notificará o acordo ó Servizo de Xestión, Recadación e Inspección tributaria para practicala liquidación que corresponda.

Artigo 6º. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación das infraccións tributarias, e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día dezaioito de novembro de dous mil tres. Se non se presentan reclamacións enténdese aprobada definitivamente. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil catro, e aplicarse mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.

